



# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

## SOCIEDADE DEPORTIVA O VAL DE NARÓN

| EDICIÓN | DATA       | MODIFICACIÓN | FIRMA<br>RESPONSABLE |
|---------|------------|--------------|----------------------|
| 0       | 30/06/2025 | INICIAL      |                      |
|         |            |              |                      |
|         |            |              |                      |
|         |            |              |                      |

## PREÁMBULO LEGAL

Este Regulamento de Réxime Interno réxese pola Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, o Decreto 85/2014 polo que se regula o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD). Ademais, aplícase a Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

Este documento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Sociedade Deportiva O Val de Narón o día 30/06/25, entrando en vigor na mesma data. Publicarase nos canles oficiais do clube e estará dispoñible nas súas dependencias.

O presente Regulamento de Réxime Interno ten por obxeto regular a organización e funcionamento da Sociedade Deportiva O Val de Narón, dentro do marco constituído pola lexislación deportiva vixente que resulte de aplicación e con suxeción plena ao seu ideario e estatutos.

## CONTIDOS

1. O CLUBE: OBXECTIVOS.
2. AS PERSOAS DEPORTISTAS.
3. PERSOAL TÉCNICO.
4. OS ADESTRAMENTOS.
5. CORDINACIÓN DEPORTIVA.
6. OS DELEGADOS E AS DELEGADAS.
7. PAIS/ NAIS/ TITORES LEGAIS.
  - CONSELLOS ÁS FAMILIAS.
8. AS INSTALACIÓNS E O MATERIAL.
9. AS CONVOCATORIAS E OS DESPRAZAMENTOS.
10. RÉXIME DISCIPLINARIO.
11. PROTOCOLOS ADICIONAIS
12. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXO 1. NORMAS DE CARÁCTER XERAL PARA OS XOGADORES E XOGADORAS

ANEXO 2. AUTORIZACIÓN DESPRAZAMENTOS

ANEXO 3. FOLLA DE RECLAMACIÓNS

## 1. O CLUBE: OBXECTIVOS.

- 1.1. Obxectivos deportivos: Promover a práctica do fútbol base e afeccionado, fomentando valores como o respecto, a disciplina, o traballo en equipo e a formación integral das persoas deportistas.
- 1.2 Obxectivos sociais: Potenciar o sentimento de pertenza ao clube, manter comunicación fluída coas familias e promover unha imaxe positiva ante a sociedade.

Corresponde á Sociedade Deportiva O Val de Narón, a través dos seus responsables, resolver a interpretación e todas aquelas cuestións que non se encontren previstas no presente Regulamento.

## 2. AS PERSOAS DESPORTISTAS

### 2.1 Son **dereitos** das persoas desportistas:

- Recibir una formación integral que asegure o pleno desenvolvemento das súas capacidades físicas.
- Participar con igualdade de oportunidades en condicións que aseguren a súa integridade física e moral. Todas as persoas deportistas teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis deportivos. Non haberá máis limitacións das derivadas da súa idade, do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o deporte.

Para asegurar este dereito, a Sociedade Deportiva O Val de Narón comprométese a:

- Designar persoal técnico suficiente por equipo.
- Brindar unhas instalacións deportivas axeitadas.
- Ofrecer un equipamento deportivo suficiente.
- Respetar uns horarios de adestramentos sen alteracións arbitrarias.
- Instruír nunha disciplina deportiva.
- Brindar unha debida educación deportiva.

- Desenvolver a súa actividade nunha correcta situación de hixiene e seguridade.
- Participar activamente na vida do clube, ben a través da designación de capitáns ou ben mediante a reunión de deportistas.

Todos os membros do clube están obrigados a respetar os dereitos das persoas deportistas establecidos no presente Regulamento.

### 2.2 Sen prexuízos de outras, son **obrigadas** das persoas deportistas en todas as actividades que realice nas instalacións deportivas ou nas que represente ao clube:

- Manter una actitude de respecto e disciplina cara ás actividades e decisións propostas polo persoal técnico.
- Manter unha actitude de colaboración, apoio e respecto cara os outros xogadores e xogadoras, tanto no terreo de xogo coma no vestiario, banquillo ou coma espectador.
- Xustificar, comunicando ao persoal técnico coa debida antelación, as ausencias aos adestramentos ou partidos no caso de non poder asistir.
- Non protestar ou facer xestos ou manifestacións despectivas cara o resto de participantes na actividade (xogadores, xogadoras, técnicos, colexiados e público en xeral).

- Non provocar ou responder a accións violentas ou conductas antideportivas nos adestramentos, partidos ou como espectador, ademais dunha correcta utilización da linguaxe.
- As persoas deportistas que durante un partido permanezan no banquiño, quedan obrigadas a gardar a debida compostura, debendo consultar ao corpo técnico a posibilidade de abandoalo para realizar algunha actividade que non forme parte das indicacións dadas polo persoal técnico.
- Asistir con puntualidade aos adestramentos ou eventos deportivos convocados.
- Observar as normas básicas de hixiene e saúde, así como a perfecta orde e coidado en canto efectos e enseres persoais (roupa, calzado, bolsa, etc.)
- Mentras dure a tempada e as competicións oficiais nas que esté inmersa a Sociedade Deportiva O Val de Narón, non permitirá a participación das persoas deportistas en calquera tipo de competición que non sexa responsabilidade do clube sen realizar a debida comunicación previa á entidade, sempre e cando sexa necesaria a afiliación ao seguro resultante da licenza no clube. Ademais, recoméndase a comunicación fluida respecto á practica deportiva noutras disciplinas a partir de certas idades para regular as cargas dos adestramentos e encontros para as persoas deportistas.
- Recoméndase as persoas deportistas gardar o descanso oportuno nas vésperas dos encontros así como, manter uns bos hábitos por respecto a un mesmo e ao resto de compañeiros.
- É condición previa ao inicio da tempada que as persoas deportistas menores de dezaíto anos aporten una autorización expresa de consentimento dos seus pais, nais ou titores legais, para formalizar a súa pertenza ao clube, mediante a entrega do documento de “Matrícula e inscrición”.
- As persoas deportistas deberán aportar a documentación requirida pola entidade para formalizar os trámites necesarios.
- Con independencia onde teñan lugar os encontros ou actividades do clube, as persoas deportistas deberán chegar ás instalacións á hora sinalada polo persoal técnico.
- Aos partidos é obrigatorio ir provistos de botas de fútbol, equipación oficial, caneleiras e medias. (No caso do Fútbol 11 as equipacións do clube serán achegadas aos encontros polo persoal técnico ou delegados dos equipos)
- Deberase devolver a equipación facilitada polo clube en perfectas condicións de uso cando sexa requirida. Para evitar custos adicionais por mal uso ou falta de devolución, ao comezo da tempada solicitarase un depósito de 60,00 €, que será reintegrado no momento en que se devolva. Poderase descontar unha parte proporcional ou a totalidade dese importe no caso de perda ou deterioro por uso inadecuado, sen contar como tal o desgaste normal polo uso correcto da mesma.
- As persoas deportistas que formen parte da Escola aboarán unha cota mensual como concepto de abono da tarifa do servizo. Ademais, todos os deportistas de categorías anteriores á de Aficionados, aboarán unha cuota única en concepto de matrícula para a xestión e axuda dos gastos da entidade.
- Cando as persoas deportistas teñan que desprazarse en vehículos particulares que non pertencen a pais, nais ou tutores legais das mesmas, e non sexan maiores de idade, deberán aportar unha autorización ou consentimento expreso para viaxar coa persoa que o vaia desprazar (Anexo 2)
- É obriga das persoas deportistas, ou das súas familias ou titores legais no caso dos menores de idade, poñer en coñecemento da xunta directiva situacións médicas relevantes.
- Cumprir en todo momento coas normas deste Regulamento.

### 3. PERSOAL TÉCNICO.

#### 3.1 **Dereitos** do persoal técnico.

- Exercer a súa función, dentro do respecto ao ideario do clube, nos equipos asignados.
- A ser informados pola coordinación deportiva ou por quen corresponda da xunta directiva dos asuntos que afecten ao clube, en xeral, ou a eles en particular.
- A ser tratados con corrección e respecto por todos os estamentos integrantes do clube.
- A utilizar os medios materiais e instalacións do clube para cumprir os fins do mesmo e con arreglo ás normas que regulen o seu uso.
- A presentar peticións, suxerencias ou queixas de orde deportiva, de forma verbal ou formuladas por escrito, ante os órganos directivos do clube.

#### 3.2 Sen prexuízo doutras que se poidan desempeñar, son función e **obrigas** do persoal técnico.

- Realizar unha planificación deportiva xeral da tempada, dirixir os adestramentos e os partidos do seu equipo, coordinados co resto dos equipos, tomando coma referencia o proxecto deportivo da entidade e en consenso cos seus obxectivos. Para isto, manterá reunións informativas periódicas coa coordinación deportiva ou, no seu defecto, co membro ou membros da xunta directiva designado/s ao efecto.
- Desempeñar con competencia, exactitude e puntualidade as tarefas e actividades correspondentes.
- Manter a disciplina do equipo dentro e fóra do clube.
- Non poderá suspender ou moderar os horarios ou días das actividades deportivas sen a autorización da coordinación deportiva ou, no seu defecto, do membro da xunta directiva designado ao efecto.
- Poderán intercambiar deportistas entre as diferentes categorías sempre que se conte coa autorización da coordinación deportiva ou, no seu defecto, do membro da xunta directiva designado ao efecto.
- Coidar e responder do material empregado para os adestramentos ou partidos do seu equipo. Para facilitar e asegurar a viabilidade da tarefa, a coordinación deportiva propondrá a designación de grupos responsables dentro dos equipos.
- Velar para que os compoñentes do seu equipo utilicen de forma axeitada as instalacións deportivas.
- Non utilizar o nome do clube nin outorgarse representación do mesmo sen permiso da xunta directiva.
- Manter todas as reunións que estime oportunas coa coordinación deportiva ou xunta directiva.
- Avisar coa antelación suficiente á coordinación deportiva ou, no seu defecto, ao membro ou membros da xunta directiva designado/s ao efecto, cando non poida asistir a un adestramento ou partido.
- Realizar un seguimento de asistencias a adestramentos e de evolución física e técnica dos deportistas para avaliar, periodicamente, a súa progresión xunto coa coordinación deportiva ou membros da xunta directiva designados ao efecto.

- O persoal técnico debe coñecer os obxectivos do clube e entender o mesmo coma un todo do que eles forman parte, cunha responsabilidade especial. Este mesmo sentimento de pertenza deberán inculcarlo ás persoas deportistas.
- Deberán presentar toda a documentación requirida para a correcta tramitación da súa licenza e o cumprimento da normativa local, autonómica e estatal que afecte á entidade.
- Coñecer e velar polo correcto cumprimento do presente Regulamento.

#### 4. OS ADESTRAMENTOS.

Son a base do traballo, temos que ter en conta que traballamos, en moitas categorías, con deportistas menores de idade en pleno desenvolvemento, tanto no aspecto físico coma emocional. Así, aos aspectos futbolísticos xuntaremos outros que melloren o seu desenvolvemento persoal:

- ✓ Traballo en equipo e respecto.
- ✓ Bo ambiente e trato persoal.
- ✓ Estímulo da autoestima e do espírito de superación.
- ✓ Fomento do espírito deportivo e o respecto ao rival e ás normas.
- ✓ Fomento de boas prácticas relativas á saúde e hixiene.

Os adestramentos teñen que ser dinámicos, variados, divertidos e educativos, evitando facer dilatados tempos de espera entre os exercicios, o que optimizará os resultados obtidos como resultado da sesión de adestramento e unha adecuada optimización dos recursos e instalacións deportivas disponibles.

Estarán deseñados en consonancia coas características evolutivas e necesidades específicas de cada grupo de idade, garantindo así un desenvolvemento adecuado e progresivo das persoas deportistas.

#### 5. COORDINACIÓN DEPORTIVA

Dependendo directamente do presidente do clube, ou membro/s que se designe/n ao efecto, coordinará a execución material da programación que se estableza na tempada. Para isto:

- Participará activamente na xestión e planificación das tempadas deportivas, conformando as estruturas dos equipos da entidade xunto co resto de responsables destes aspectos ou funcións.
- Planificará as competicións nas que participe el clube.
- Programará as actividades a realizar.
- Dirixirá os grupos de traballo que se formen.
- Formará parte con voz e voto da comisión disciplinaria que se establezca.
- Avaliará os fundamentos técnico-táctico mínimo esixibles para cada grupo.
- Redactará informes daqueles aspectos deportivos que se requiran.
- Participará activamente no control e seguemento da labor que desempeñe o corpo técnico, realizando as correspondentes recomendacións.
- Informará puntualmente de todos os asuntos deportivos e disciplinarios que afecten ao clube.
- Proporará melloras de funcionamento na área deportiva (materiais, metodoloxía, sistemas de adestramentos, horarios...)
- Colaborará coa xunta directiva na atención as persoas deportistas.
- Responsabilizarase do cumprimento das normas de convivencia por parte de todos os do clube.
- Organizará as sesións dos grupos nas que os técnicos non poidan acudir.
- Informará periódicamente á xunta directiva, por medio do presidente ou membro/s que se designe/n ao efecto, dos asuntos máis relevantes, a modo de exemplo: absentismo

dos técnicos, xogadores ou comportamentos inadecuados. Estes asuntos deben ser coñecidos polo presidente antes das reunións da xunta directiva.

- Facilitará as persoas deportistas, dun rango de idade adecuada, a posibilidade de colaborar co club nas súas actividades.
- Deberá presentar toda a documentación requirida para a correcta tramitación da súa licenza e o cumprimento da normativa local, autonómica e estatal que afecte á entidade.
- Deberá coñecer os protocolos de protección de datos e imaxes, protección de menores e primeiros auxilios.
- Coñecerá e velará polo cumprimento das normas de carácter xeral para xogador@s (Anexo 1)
- Velará polo cumprimento do presente Regulamento

A Coordinación deportiva desfrutará dos mesmos **dereitos** que o resto de persoal técnico da entidade (Apartado 3.1)

A figura de coordinador/a deportivo/a será designado pola xunta directiva, e cesará ao producirse algunhas das seguintes circunstancias:

- Renuncia propia
- Finalización do acordo suscrito co club.
- Decisión da xunta directiva ante unha circunstancia que o xustifique (Abandono da dilixencia necesaria para a realización das tarefas asignadas, comportamento inadecuado, ...)
- Ante a renuncia ou esgotamento do mandato da xunta directiva.

## 6. OS DELEGADOS E AS DELEGADAS

Representan ao equipo e colaboran coa organización dos partidos, garantindo o correcto desenvolvemento dos mesmos e sendo nexo entre árbitros, equipos e o club. O seu nomeamento será aprobado pola xunta directiva e non poderán actuar sen a súa autorización.

Os **dereitos** dos delegados e delegadas dos equipos serán os mesmos dos que gozará o persoal técnico da entidade (Apartado 3.1)

Sen prexuízo doutras que se poidan desempeñar, son as súas **funcións e obrigas**:

- Representar ao seu equipo dentro e fora do terreo de xogo nos partidos que este dispute, sendo o enlace entre o corpo técnico, o club rival e os colexiados do encontro (Delegado de Equipo)
- Deberá recibir ao equipo rival e aos colexiados, acompañalos aos vestiarios e estar pendente de calquera necesidade que poida xurdir antes, durante e despois dos encontros ata que estes abandonen as instalacións (Delegado de Campo)
- Colaborar en todas aquelas funcións dentro do equipo que puidese necesitar o corpo técnico (Delegado de equipo/Campo)
- Axudar co material deportivo, comprobar e facerse cargo das equipacións, fichas federativas, botiquín ou calquera outro material, documento ou equipamento que deba acompañar ao equipo no seu desprazamento ou encontro na casa (Delegado de equipo)
- Presentar aos colexiados a alineación do encontro ou documentos esixidos (Delegado de equipo)
- Estar á disposición dos colexiados e cumprir as instrucións que lle comuniquen antes do partido ou no transcurso do mesmo (Delegado de equipo/campo)
- Acudir, xunto aos colexiados do encontro, ao vestiario á terminación dos dous períodos de xogo e acompañalo dende o campo ata onde sexa aconsellable, para a súa protección, cando se produzan incidentes ou actitudes do público que faga presumir a posibilidade de que ocorran (Delegado de Campo)

- Evitar que teñan acceso aos vestiarios persoas non autorizadas e, en especial, ao do árbitro, agás que este autorice, e so aos efectos de asinar a acta, delegados, técnicos ou capitáns (Delegado de Campo)
- Asinar, física ou dixitalmente, a acta do partido ao remate do mesmo (Delegado de Equipo)
- Formar parte das comisións disciplinarias que a xunta directiva estime oportunas.
- Non utilizar o nome do clube nin outorgarse representación do mesmo sen permiso directo da súa xunta directiva.
- A función de delegado poderá ser exercida por un membro da xunta directiva ou por calquera outra persoa designada por acordo desta.
- Deberá designarse un mínimo dun delegado por equipo ou dous en caso de que a normativa así o esixa.
- Respetar as decisións arbitrais e aos componentes do equipo rival, así como aos seus familiares e afeccionados
- Respetar a imaxe do clube.
- Colaborar co patrocinio do clube, así como na organización de actos deportivos ou sociais que organice este.
- Coñecer e velar polo correcto cumprimento do presente Regulamento de réxime interno.

## 7. PAIS/ NAIS/ TITORES LEGAIS.

Os pais, nais ou titores legais das persoas deportistas están obrigados a respetar e observar as mesmas **obrigas** que as fixadas para as persoas deportistas da entidade en canto a comportamento e coidado das instalacións cando permanezcan nas mesmas. Asimesmo, deben informar de calquera circunstancia persoal, ou de calquera outra índole, que afecte aos deportistas e sexa de interese para a entidade.

Son **dereitos** dos pais, nais e titores legais.

- Teñen dereito a que se respete a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de vexacións físicas ou morais.
- A ser informados pola coordinación deportiva ou por quen corresponda da xunta directiva da planificación de cada tempada e dos aspectos que afecten os seus fillos.
- A ser tratados con corrección e respecto por todos os estamentos integrantes do clube.
- A utilizar as instalacións do clube necesarias para a correcta vixilancia ou atención dos seus fillos segundo as directrices que regulen o seu uso.
- A presentar peticións, suxerencias ou queixas, de forma verbal ou formuladas por escrito, ante os órganos directivos do clube.

Consellos aos pais, nais ou titores legais:

- Se o teu fillo ou filla está interesado/a en practicar deporte, ánimoao a facelo. En caso contrario, non fozarlo.
- Concéntrate no esforzo e nas actuacións individuais e colectivas, máis ca no resultado. Isto axuda a que os deportistas establezcan metas realistas respecto da súa habilidade, reducindo a importancia que ten gañar.
- Ensina que o esforzo é tan importante ou máis que a victoria.
- Incúlcalle valores e actitudes como son o respecto, colaboración, puntualidade, diálogo, responsabilidade e xogo limpo.
- Anímao a xogar sempre de acordo coas normas.
- Nunca ridiculices nin berres aos deportistas por cometer erros ou perder un partido.
- Evita actitudes que xeren estrés ou ansiedade (comentarios de decepción, críticos, amenazantes ou calquera outro de ámbito negativo sobre o seu rendemento ou o do equipo en xeral).
- Lembra que os menos e as nenas participan para o seu propio disfrute e non para o teu.
- Apoia todas aquelas accións encamiñadas a eliminar os abusos físicos ou verbais nas actividades físicas.



- Recoñece e valora a importancia que teñen técnicos. Eles regalan o seu tempo para proporcionar aos nosos fillos unha formación, tanto deportiva como persoal, polo que merecen todo o respecto posible fronte as súas decisións nos adestramentos e nos encontros. Non interfas nas mesmas nin no seu traballo.
- Evita castigar por medio do fútbol, busca outros recursos que non prexudiquen ao teu fillo/a, aos seus compañeiros ou ao clube, sendo aconsellable o diálogo e coordinador ou membro/s da xunta directiva designado ao efecto.

## 8. AS INTALACIÓNS, O MATERIAL E O EQUIPAMENTO DEPORTIVO.

O clube, ademais das persoas que o constitúen, está conformado por un conxunto de bens (edificios, instalacións, materiais deportivos, ...) A xestión destes bens e o respecto e coidado dos mesmos corresponde ao clube e a todos os integrantes do mesmo, polo que teñen o deber de respetar e conservar este patrimonio procurando o seu máximo aproveitamento. Para isto:

Os deportistas só teñen autorizada a permanencia nos vestiarios e nas intalacións do clube durante os horarios establecidos para a realización das súas actividades deportivas.

Nos vestiarios que utilicen os equipos do clube, ben sexan propios ou alleos, deben comportarse de forma correcta, sen xogar no interior, verquer líquidos, introducir obxectos de vidro ou elementos cortantes, coidar o mobiliario e outros enseres, ...

Os vestiarios débense manter limpios, reponsabilizándose cada equipo de que todos os elementos: duchas, bancos, pizarras, espellos, perchas, portas de acceso, etc..., queden en perfectas condicións de uso.

Nos adestramentos e partidos, as persoas deportistas deben vestir o equipamento requerido polo corpo técnico.

O equipamento entregado polo clube a cada deportista é responsabilidade exclusiva deste. Para evitar o deterioro, non relacionado co uso normal da mesma, e as malas praxis no coidado da mesma, solicitarase unha dación de 60,00 € coa alta no clube que será reintegrada coa súa devolución. Existe a posibilidade de que se esixa o parte ou a totalidade desta fianza pola falta de algunha peza de roupa ou pola entrega da mesma en malas condicións (Este gravame non se aplicaría polo desgaste propio do seu correcto uso) Queda totalmente prohibido o uso da equipación de paseo e de xogar nos adestramentos ou outras actividades fora do día do encontro e como causa do mesmo.

Nos partidos @s xogador@s deberán utilizar a equipación oficial del clube, sendo motivo de penalización interna o non presentarse aos encontros oficiais, amigables ou actos onde se requira sin causa xustificada.

Cada equipo deberá deixar o material empregado nos adestramentos e partidos nun lugar designado ao efecto e en condicións óptimas para a súa posterior utilización. Cómpre realizar un uso racional da agua nas duchas, para que todos poidan beneficiarse das mesmas e, ao mesmo tempo, conseguir un bo aproveitamento enerxético e de consumo.

En caso de deterioro por mal uso ou por perda do material deportivo, @ xogador/a ou grupo responsable de tal negligencia estará obrigado á súa reposición.

## 9. AS CONVOCATORIAS E OS DESPRAZAMENTOS.

Para a disputa de encontros, oficiais ou amigables, os integrantes de cada equipo deberán estar no lugar e á hora acordada polos técnicos do equipo e deberán ir vestidos coa equipación habitualmente adoptada polo clube.

Para levar a cabo a convocatorias os técnicos dos equipos terán en conta aspectos tan importantes como:

1. Asistencia e puntualidade aos adestramentos: As persoas deportistas que asisten con regularidade e chegan a tempo como mostra do seu compromiso.
2. Actitude e respecto: Evaluar o comportamento hacia os técnicos, compañeiros, colexiados y rivais. Débese fomentar una actitude positiva e respetuosa.
3. Esfuerzo persoal: Independentemente do nivel técnico, valorar a aqueles que se esforzan ao máximo durante os adestramentos e encontros.
4. Progreso individual: Observar a evolución dos deportistas. A mellora continua, aínda que sexa pequena, reflexa dedicación e aprendizaxe.
5. Traballo en equipo: Favorecer a aqueles deportistas que entenden e practican a cooperación por riba do individualismo.
6. Rotación equitativa: Dar oportunidades a todos os xogadores para participar nos encontros, de maneira xusta e coherente cos valores do proxecto.
7. Cumplimento de normas e obxectivos formativos: Ter en conta a aqueles deportistas que respetan o regulamento interno e se alinean cos obxectivos do equipo.

## 10. RÉXIME DISCIPLINARIO.

A presente normativa será de aplicación a todas as persoas deportistas do clube, podendo extenderse naquelas situacións que sexa posible a outros membros do mesmo, cando estes contraveñan as determinacións do presente Regulamento.

Os deportistas teñen os mesmos dereitos e deberes básicos, sen máis distincións cos derivados da súa idade non podendo existir discriminación algunha por razón de sexo, raza, nacemento, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

O exercicio dos seus dereitos por parte das persoas deportistas implicará o recoñecemento e respecto de todos os membros do clube.

Correspóndelle aos órganos de goberno do clube garantir no seu respectivo ámbito de actuación e o correcto exercicio e a estricta observancia dos dereitos e deberes das persoas deportistas nos termos previstos no presente Réxime Disciplinario. Os membros da xunta directiva, a coordinación deportiva e os técnicos, en particular, poñerán especial coidado na prevención das actuacións disciplinarias previstas nesta normativa mediante o contacto e a colaboración constante.

Sen prexuízo de accións posteriores os técnicos poderán adoptar as medidas que consideren oportunas para manter a orde dentro do grupo-equipo, comunicándollas con posterioridade á coordinación deportiva, que posteriormente informarán á xunta directiva.

### ➤ Infraccións.

As faltas poderán ser leves, graves e moi graves.

#### **Son faltas leves:**

- As faltas inxustificadas de puntualidade.
- As faltas inxustificadas, non reiteradas, de asistencia a adestramentos e partidos.
- A non comunicación aos técnicos, de calquera anomalía ou falta de asistencia aos adestramentos ou partidos coa suficiente antelación cando iso sexa posible.

- A actitude pasiva en relación a súa participación nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de preparación deportiva, así como ás orientacións dos técnicos, respecto da súa aprendizaxe.
- A falta de respecto ao exercicio do dereito á práctica deportiva dos seus compañeiros, así como calquera comportamento incorrecto que poida levarse a cabo nos adestramentos, partidos e desprazamentos ou con outras persoas deportistas, colexiados, adestradores, público ou calquera outra persoa relacionada coa actividade.
- Deterioro non grave, causado intencionadamente, das dependencias do club, do material deportivo ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros do club ou doutros clubs.
- Os actos de indisciplina, inxuria, intimidacións ou ofensa non graves e a agresión física que non teña carácter grave.
- Calquera acto inxustificable que perturbe levemente o normal desenvolvemento das actividades do club.

#### **Son faltas graves:**

- As faltas inxustificadas, reiteradas, de asistencia aos adestramentos e partidos.
- A reiterada e continuada falta de respecto ao exercicio do dereito á preparación dos seus compañeiros, así como calquera comportamento incorrecto e falta de respecto de carácter grave que poia levarse a cabo nos adestramentos, partidos e desprazamentos, ou con outros deportistas, árbitro, adestradores, público ou calquera outra persoa relacionada coa actividade.
- Os actos de indisciplina, inxuria, intimidación ou ofensas graves os demais membros do club ou outros clubs, que deteriorenen a imaxe da entidade.
- A agresión física grave aos demais membros do club ou outros clubs, así coma a árbitro@s, espectador@s, etc...
- Causar, por uso indebido, danos graves nas dependencias do club ou as pertenzas dos demais membros do club ou outros clubs.
- Actos inxustificables que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do club.
- A reiterada e sistemática comisión de faltas leves na mesma tempada deportiva.

#### **Son faltas moi graves:**

- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa moi grave contra os membros do club ou outros clubs que deteriorenen gravemente a imaxe da entidade.
- Agresión física moi grave aos demais membros do club ou outros clubs, así coma aos árbitro@s, espectador@s, etc...
- A comisión de tres faltas graves nunha mesma tempada.

#### **➤ Sancións**

Pola comisión das faltas enumeradas anteriormente imponse as seguintes sancións, atendendo ás circunstancias de cada caso:

#### **Sancións por faltas leves:**

- Amonestación privada.
- Amonestación escrita que será comunicada aos pais ou titores legais en caso de que a persoa afectada pola sanción sexa menor de idade.
- Realización de tarefas, se procede, que contribúan na reparación da falta cometida.

- Realización de tarefas, se procede, que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do clube (tarefas educativas)
- Suspensión da práctica deportiva por un período non superior a unha semana (suspensión curta)

#### **Sanciones por faltas graves:**

- Apercibimento, no caso de continuas faltas inxustificadas de asistencia, no que se incluírá un informe detallado da coordinación deportiva por informe dos técnicos do equipo correspondente e do membro da xunta directiva sinalado ao efecto.
- Realización de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, se procede, ou á mellora e desenvolvemento das actividades do clube (reparación de danos ou tarefas educativas. Estas tarefas deberán realizarse por un período que non poderá exceder dun mes.
- Suspensión do dereito á práctica deportiva por un período non superior a quince días.

#### **Sanciones por faltas moi graves:**

- Posible expulsión ou suspensión prolongada tras avaliación formal da Xunta Directiva.

A **competencia para a imposición das sancións** a ostentará a xunta directiva.

#### **Procedemento sancionador**

Toda persoa terá dereito á audiencia, a presentar alegacións e recurso escrito. As sancións serán impostas pola Xunta Directiva, tras deliberación formal. Incluírase constancia escrita e comunicación á persoa afectada.

#### **Comisión Disciplinaria**

Integrada por un mínimo de tres membros, entre eles a coordinación deportiva, un directivo/a e un delegado/a. As decisións adoptaranse por maioría simple e garantirase a imparcialidade dos seus membros.

### **11. PROTOCOLOS ADICIONAIS**

#### **- PROTECCIÓN DE DATOS E IMAXES**

Requirirase autorización expresa para o uso de imaxes de menores segundo modelo oficial. Os datos persoais serán tratados conforme ao RGPD e á LOPDGDD. A persoa afectada poderá revogar esta autorización en calquera momento.

#### **-PROTECCIÓN MENOR**

O Protocolo de protección de Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á violencia no deporte se elabora con base ao mandato establecido na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de Protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPVI) que dispón, no seu artigo 47, a obriga das Administracións Públicas de regular, no ámbito das súas competencias, protocolos de actuación que recollan as accións necesarias para construír unha contorna segura no ámbito

deportivo, co obxectivo de previr, detectar e intervir fronte a posibles situacións de violencia sobre os NNA que participan naquelas actividades.

Neste marco, se elabora este protocolo co propósito de dar efectiva protección e atención aos NNA que participan nas actividades deportivas que se organizan e promoven dende a entidade que asina este protocolo e que poidan atoparse ante unha situación de violencia, física o psíquica.

#### -URXENCIAS E PRIMEROS AUXILIOS

Establecerase un procedemento claro e persoas responsables en cada equipo. Será deseñado e comunicado ao principio de cada tempada.

#### 12.DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día da súa aprobación pola Asemblea Xeral. As futuras modificacións serán igualmente aprobadas en Asemblea e notificadas á totalidade dos membros do clube.

## ANEXO I. NORMAS DE CÁRACTER XERAL PARA AS PERSOAS DEPORTISTAS

- Vestimenta para os adestramentos:
  - ✓ É obrigatorio utilizar un equipamento adecuado. Está totalmente prohibido a utilización da roupa de paseo ou de competición e da mochila oficial para os adestramentos.
  - ✓ É obrigatorio o uso de canaleiras.
  - ✓ Os porteiros poderán utilizar pantalón longo.
  - ✓ Utilizarase sudadeira, chubasqueiro ou camiseta se o tempo o aconsella.
- Antes dos adestramentos:
  - ✓ Débese estar uns minutos antes do comenzo dos adestramentos, equipados coa vestimenta prevista no punto anterior, para iniciar a actividade no horario establecido.
  - ✓ A ausencia será comunicada coa antelación suficiente, salvo causas sobrevenidas, polas persoas deportistas ao corpo técnico. No caso de menores, serán os pais, nais ou titores legais os que realicen esta comunicación.
  - ✓ As persoas deportistas que acudan ás instalacións antes do horario establecido deberán absterse de xogar cos balóns do clube e non transitarán polas áreas onde outros equipos estén a realizar as súas actividades.
- Durante os adestramentos:
  - ✓ Non se deben utilizar durante os adestramentos nin encontros: reloxios, pulseiras, aneis, cadea, piercings ou outros obxectos que poidan causar lesión ao portador ou a outros.
  - ✓ Prestar a debida atención ás indicacións, explicacións e correccións dos técnicos.
  - ✓ Permanecer coa totalidade do equipamento posto.
  - ✓ Non abandonar a área de adestramento sen permiso dos técnicos.
  - ✓ Cada deportista é reponsable do material deportivo que se lle entregue e debe deixalo no seu lugar correspondente ao finalizar o adestramento ou cando así se lle indique.
  - ✓ Queda terminantemente prohibida a utilización do equipamento deportivo facilitado polo clube para os encontros nos adestramentos. (Roupa de paseo, mochila, abrigo e sudadeira)
- Despois dos adestramentos:
  - ✓ Axudar a recoller o material utilizado.
  - ✓ Antes de abandonar as instalacións, esperar as indicacións dos técnicos e asinar a convocatoria se procede.
- Convocatorias:
  - ✓ Independentemente do campo onde se celebre o partido, as persoas deportistas deberán estar no mesmo unha hora antes do comenzo deste ou cumprir o horario establecido polos técnicos.

- ✓ É obrigatorio acudir aos partidos coa indumentaria habitualmente utilizada polo clube. É obrigatorio ir provistos de botas de fútbol, canaleiras, pantalóns e medias.
- ✓ É de aconsellable manter unha correcta hixiene persoal.
- ✓ É obrigatorio o uso de chanclas para a ducha.

## ANEXO II. AUTORIZACIÓN DESPRAZAMENTOS

### MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA DESPRAZAMIENTO DE MENORES EN VEHÍCULOS PARTICULARES

Eu, D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en calidade de pai/nai/titor legal de:

Nome do deportista: \_\_\_\_\_ Data de nacemento: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

AUTORIZO á Sociedade Deportiva O Val de Narón a que o/a meu/minha fillo/a poida desprazarse para a realización de actividades deportivas en vehículos particulares conducidos por:

Nome do condutor/a autorizado/a: \_\_\_\_\_ Relación co menor: \_\_\_\_\_

Data(s) do desprazamento (ou intervalo temporal): \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Declaro que o/a condutor/a autorizado/a posúa carnet de conducir en vigor e que o vehículo cumpre coas normativas vixentes de seguridade e seguro obrigatorio. Asumo a responsabilidade derivada da presente autorización.

Asino en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Firma do pai/nai/titor legal: \_\_\_\_\_



### ANEXO III. FOLLA DE RECLAMACIÓNS

#### DATOS DA ENTIDADE

**Nome:** [Nome do club ou entidade]

**Enderezo:**

**Teléfono:**

**CIF:**

**Correo electrónico:**

#### DATOS DA PERSOA RECLAMANTE

**Nome e apelidos:**

**DNI/NIE:**

**Teléfono de contacto:**

**Correo electrónico:**

**Enderezo:**

**Motivo da reclamación:**

(Describe de forma clara e detallada os feitos que motivan a reclamación)

Data dos feitos: \_\_ / \_\_ / \_\_\_\_

O que solicita como solución:

Data da reclamación: \_\_ / \_\_ / \_\_\_\_

Sinatura da persoa reclamante: \_\_\_\_\_

Espazo reservado para a entidade (resposta ou proposta de solución):

Data de resposta: \_\_ / \_\_ / \_\_\_\_

Sinatura da entidade: \_\_\_\_\_